

2.9. O ESPAZO RURAL

2.9.1. O modelo de asentamento

No modelo territorial, o espazo rural ocupa a meirande parte da súa superficie e como tal representa un ámbito estratéxico para o desenvolvemento de Galicia.

Este espazo rural caracterízase por ter unha enorme diversidade paisaxística e funcional, resultante das diferenzas de base do natural e da acción do home que ao longo do tempo aproveita os recursos deste territorio. Posúe unha alta densidade de ocupación, derivado dun sistema de asentamentos cunha rede de máis de 30.000 entidades singulares de poboación de tamaño desigual e tipo diferente, distribuídas sobre o territorio de xeito disperso (o 75% das entidades non chegan aos 50 habitantes, onde reside pouco máis do 13% da poboación de Galicia), aínda que podemos falar do predominio dun tipo de hábitat concentrado ou tendente á concentración (máis do 70% da poboación concéntrase en núcleos de máis de 200 habitantes).

A poboación galega distribúese en pequenas células que constitúen as aldeas, que actúan como unidade espacial na que, sexa en vivendas en núcleo ou en diseminado, os seus habitantes teñen un vínculo de comunidade e de relación social, co que se senten identificados e individualizados dentro da parroquia, que actúa como aglutinador e organizador no espazo destas entidades, intercomunicadas por unha densa rede viaria de camiños rurais e pistas e ramificacións das vías primarias.

A parroquia, constitúe a unidade mínima de agregación dos asentamentos de poboación, e principal referencia na súa organización espacial e social. Partindo da división do asentamento humano no medio rural nos niveis de casa, aldea e parroquia, son múltiples as tipoloxías que ofrece a realidade dos asentamentos rurais derivadas do relevo e morfoloxía do terreo, da existencia de auga e a capacidade produtiva dos solos, do sistema de organización agraria de cada zona cos seus tipos e formas de cultivo, da propia dinámica demográfica da poboación que actúa no territorio. Os cambios so-



Trez. Concello de Laza

cioeconómicos e as vías de comunicación nos últimos anos introduciron importantes cambios nas relacións existentes entre os distintos núcleos, e son de espacial relevancia as transformacións producidas no espazo rural na proximidade dos centros urbanos, así como os inducidos pola transformación das condicións de accesibilidade, traducíndose tamén na identificación de diferentes problemáticas e potencialidades de usos dos núcleos urbanos en relación á súa maior ou menor integración co conxunto dos elementos principais do sistema territorial.

A existencia dunha enorme variedade tipolóxica dos asentamentos rurais que se caracterizan pola diversidade de formas e estruturas dá lugar a modelos tradicionais de asentamentos diferentes dependendo da súa lo-

calización en relación coa topografía (val, montaña, chairas, litoral...), coa rede fluvial, o espazo agrario, a rede viaria, e a súa proximidade á cidade ou á vila, e suporá diferentes modelos de núcleos rurais: lineais, de disposición laxa e aberta, compactos, ou en enxame cunha morfoloxía xa sexa circular, alargada ou indeterminada. Os seus límites poderán ser máis ou menos nítidos e fáciles de precisar, ou ser confusos con imposibilidade de determinar, formándose grupos de aldeas ou enxames máis amplos que conforman estruturas complexas.

En función da organización e distribución no territorio das vivendas e da relación entre si podemos achegarnos á estrutura da unidade de hábitat e á morfoloxía dos diferentes núcleos. Nos últimos anos os cambios socioeconómicos, o forte descenso de poboación no espazo rural, os cambios nas actividades económicas e o fenómeno da cidade difusa provocan unha serie de dinámicas na evolución dos núcleos que dan como resultado novas formas e estruturas que necesariamente deben ser canalizadas mediante o planeamento urbanístico, tendo en conta a diversidade de núcleos rurais existentes que demandan, pola súa parte, un tratamento diferenciado.

Son diversos os autores (Otero Pedrayo, Niemeier, Bouhier, Fariña Tojo, Torres Luna *et al.*, Pazo Labrador...), que chegaron a propoñer unha tipoloxía sobre os asentamentos de poboación galegos nun intento de explicar a súa particular singularidade e complexidade. Da análise destes estudos despréndese que poden ser diferenciados dous grandes tipos de estruturas dos asentamentos rurais tradicionais: a estrutura mononuclear, cando a entidade de poboación reúne as súas edificacións en único grupo; e a estrutura polinuclear, cando a entidade de poboación está formada por dous ou máis núcleos correspondentes a agrupacións máis ou menos ben definidas de edificacións, independentemente de que a disposición das células elementais pode ser diversa incluso dentro dos núcleos que forman unha mesma entidade.

A esta división básica acompañamos a morfoloxía que presenta a entidade de poboación, diferenciando os seguintes tipos:



Concello de Monfero. Fragas do Eume



Ortofoto PNOA 2007-2008. Seceda. Concello de Folgoso do Courel



Ortofoto PNOA 2007-2008. Langullo. Concello de Manzaneda

1. Mononuclear moi compacto: asentamento ben definido, de gran proximidade nos elementos constituíntes, de límites nítidos e forma circular ou tendente ao circular. Ten especial relevancia esta tipoloxía no SL de Ourense.

Seceda (Seceda, Folgoso do Courel) caracterízase por presentar rúas “teitadas” practicamente sen ocos, como resposta da adaptación das vivendas a eventos climáticos extremos. É un claro exemplo de estrutura circular ou tendente á circularidade mentres que Langullo (Cesurís, Manzaneda) é un caso de estrutura irregular.



Ortofoto PNOA 2007-2008. Mallou. Concello de Carnota



Ortofoto PNOA 2007-2008. Castro de Rei de Lemos. Concello de Paradelá

2. Mononuclear pouco compacta: asentamento no que existe unha certa separación entre as distintas casas por pequenos anacos de terreos libres, pequenas hortas. Forma tendente ao circular e límites nítidos. Esta tipoloxía, xunto coa anterior, constituiría a forma fundamental e o tipo máis antigo de asentamento en Galicia.

*Mallou (San Mamede de Carnota, Carnota) presenta un agrupamento por barrios que determina certo esponxamento e impide a súa consideración como núcleo moi compacto. Diferente é o caso de **Castro de Rei de Lemos** (Paradela) que presenta unha diseminación de vivendas (con construcións adxectivas que lle outorga o aspecto de pequenos núcleos, pero son dunha soa vivenda), que responde a diversos factores, posiblemente de carácter histórico e agrario.*



Ortofoto PNOA 2007-2008. Brañas Verdes. Concello de Camariñas



Ortofoto PNOA 2007-2008. O Vilar da Viña. Concello de Irixoa

3. Mononuclear laxa: asentamento no que os seus elementos presentan unha maior separación entre as vivendas (30 a 70 m), con formas indeterminadas, tamaño pequeno e límites pouco nítidos. Este tipo é frecuente nos núcleos atravesados por unha estrada de certa importancia en zonas como as Rías Baixas, o que indica que son núcleos de configuración máis recente.

En Brañas Verdes (Xaviña, Camariñas) a distancia entre algunhas vivendas e a existencia de terra de cultivo intersticial leva a que este núcleo sexa laxo e non pouco compacto. O Vilar da Viña (Ambroa, Irixoa) pode ser entendido coma dous lugares a escasa distancia dunha agra.



Ortofoto PNOA 2007-2008. A Casabranca. Concello de Cospeito



Ortofoto PNOA 2007-2008. Fraga da Vila. Concello de Abadín

4. Mononuclear disperso: entidades cos edificios moi separados, formas indeterminadas e límites difíciles de establecer. Moitas veces trátase de casais bastante separados que aproveitan un val, o río, así como as estradas de certa relevancia. Esta tipoloxía aparece asociada a núcleos tradicionais que creceron recentemente ao longo de estradas de certa importancia.

Na **Casabranca** (Goá, Cospeito) pódese apreciar a tendencia forte cara á dispersión ao sur do núcleo de entidade de poboación. **Fraga da Vila** (A Graña de Vilarente, Abadín) é un exemplo claro no que os núcleos non están ben definidos nin son definitorios do tipo, polo que é máis correcto falar de entidades de poboación.



Ortofoto PNOA 2007-2008. Anllóns Grande. Concello de Ponteceso



Ortofoto PNOA 2007-2008. Figueiró. Concello de Tomiño

5. Enxame: tipo polinuclear con grupos de casas separadas entre si con edificacións intercaladas. Límites pouco claros; ocupa amplas extensións sobre unha topografía pouco accidentada, e son agrupacións cun mínimo de 15 vivendas e un máximo que supera as 100. Posúe un grao avanzado de dispersión do núcleo mesturando grupos de casas máis ou menos compactas con casas independentes entre elas. Pode ter varios topónimos que identifican distintos sectores. Este tipo de entidade está relativamente ben definida no espazo e recoñecida polos seus habitan-

tes. Unha parroquia pode constar de varias entidades con esta estrutura de enxame e segundo os casos máis ou menos individualizadas. Domina esta tipoloxía en todo o sector do litoral desde a costa lucense ata as Rías Baixas.

Anllóns Grande (Anllóns, Ponteceso) é un pequeno enxame tradicional en Bergantiños. Suma un núcleo compacto e outro pouco compacto ou laxo, unidos mediante construcións intercaladas. Figueiró (Figueiró, Tomiño) é un caso claro de "parroquia en enxame".



Ortofoto PNOA 2007-2008. San Cristovo. Concello de Santa Comba



Ortofoto PNOA 2007-2008. Covas. Concello de Forcarei

6. Polinuclear bastante compacta: entidade formada por dous ou máis núcleos separados xeralmente por un accidente topográfico de pouca relevancia. Estrutura articulada coa existencia de varios núcleos pero de menor tamaño e superficie que a de enxame. As formas poden ser diversas e a súa morfoloxía queda pouco definida. Na actualidade existen certas entidades mononucleares que se transformaron nunha destas tipoloxías por incidencia da proximidade de vías de comunicación ao producirse o seu desdobraemento ou multiplicación polo seu crecemento, que no pasado obedecería ao aumento da poboación ou as novas cavas do espazo de cultivo.

San Cristovo (San Cristovo de Mallón, Santa Comba) presenta catro núcleos diferenciados e unha soa entidade de poboación coincidindo co cerne parroquial, e Covas (Millarada, Forcarei) constitúese por varios núcleos próximos, morfoloxicamente diferentes e de tamaños similares que forman entre si un gran conxunto polinuclear con polinúcleos, unha especie de polinuclearidade a escala intermedia e de detalle, unha trama ou constelación de núcleos compactos.



Ortofoto PNOA 2007-2008. Seixón. Concello de Friol



Ortofoto PNOA 2007-2008. Candai. Concello de Outeiro de Rei

7. Polinuclear laxa: a estrutura particular de cada un dos núcleos que configura o conxunto é de tipo laxo. É a aldea con varios núcleos e o casarío claro.

Seixón (Seixón, Friol) é un exemplo no que se suman entidades de poboación, lugares e casais. **Candai** (Outeiro de Rei) constitúe un claro exemplo de tipoloxía polinuclear laxa, con oito núcleos en laxo e proximidade significativa.



Ortofoto PNOA 2007-2008. Tamaguelos. Concello de Verín



Ortofoto PNOA 2007-2008. Francos. Concello de Baños de Molgas

8. Núcleo compacto e con vivendas diseminadas: asentamento no que dunha das súas partes, normalmente a central, que constitúe o enclave orixinal, de estrutura compacta, se segregan casas como consecuencia da súa dinámica evolutiva ao longo dunha vía de comunicación ou de xeito aleatorio. Forma circular ou indeterminada, límites pouco definidos e fácil de confundir cos asentamentos veciños.

Tamaguelos (Tamaguelos, Verín) constitúe un núcleo tradicional sobre a vía principal, polo que o crecemento diseminado base é bidireccional. *Francos* (Vide, Baños de Molgas) é exemplo de estrutura sobre unha vía secundaria, cun proceso de diseminación de vivendas alongado e que acada a tres núcleos do mesmo tipo. Trátase dun tipo múltiple con vivendas diseminadas.

Esta diversidade morfolóxica é un elemento máis que realza o valor patrimonial e cultural dos núcleos rurais galegos. Tamén implica a posta en marcha de estratexias de planificación e ordenación que poidan encauzar as diferentes dinámicas e situacións derivadas da propia diversidade de formas e procesos derivados da situación de cada núcleo rural en relación ao resto de elementos do sistema urbano.

A funcionalidade tradicional dos núcleos tense modificado intensamente nas últimas décadas. Se no pasado se vencellaba exclusivamente á actividade agrícola gandeira, complementada coa pesca nas áreas litorais, na actualidade cada vez son máis os residentes destes núcleos que desenvolven a súa actividade económica fóra do sector primario. Ao mesmo tempo, en casos aínda puntuais, os núcleos rurais son receptores de novos residentes que executan estratexias de rehabilitación física do patrimonio construído, atraídos polos valores do espazo rural, nun proceso que tamén corre parello aos avances derivados do mellor acondicionamento territorial dos propios núcleos rurais.

Esta tupida rede de pequenos núcleos e aldeas foi un elemento definitorio do alto nivel de humanización do territorio galego. Na actualidade identifícase un dobre proceso no tocante ás súas dinámicas sociais e económicas. Mentres unha maioría, especialmente aqueles situados nos espazos interiores e pouco accesibles, experimentan fortes procesos de despoboación e perda funcional, outros, aínda que de xeito incipiente, están a experimentar procesos de rehabilitación nas proximidades dos focos urbanos, ou en lugares de singularidade ambiental ou patrimonial.

As accións de política territorial para estes asentamentos deben partir dun recoñecemento da súa diversidade e, por conseguinte, da adecuación das liñas de planificación ás considerables diferenzas que hai no sistema de poboamento. A dotación progresiva de servizos públicos para mellorar a calidade de vida dos seus residentes, o estímulo á rehabilitación do seu patrimonio construído, ou a posibilidade de compatibilización da actividade agrogandeira e primaria coa residencial son os elementos básicos que hai que ter en conta na realización de políticas públicas vencelladas aos núcleos rurais e ao medio rural.



Concello de Verín

2.9.2. Os espazos rurais

Atendendo á función que desempeñan dentro do conxunto do sistema territorial e ás características que axudan a definir os escenarios e modelos de desenvolvemento potenciais é posible diferenciar os seguintes tipos principais de espazos rurais: integrados, intermedios e periféricos. Esta clasificación, así mesmo, vén integrar os criterios establecidos na Lei 45/2007 de desenvolvemento sostible do medio rural sobre as zonas rurais ás que se aplica o programa de desenvolvemento rural sostible.

A. Os espazos rurais integrados

Correspóndense con aquelas áreas máis próximas ás áreas urbanas de xeito que as súas dinámicas móstranse claramente marcadas pola súa influencia. Caracterízanse por un adecuado acondicionamento territorial e unha considerable presión dos usos urbanos (equipamentos, dotacións, infraestruturas, segundas residencias...), impulsados por unha evolución positiva da demografía, en ocasións actuando como satélites da expan-

sión urbana de cidades veciñas, ata conformar áreas urbanas máis ou menos cohesionadas.

As actividades primarias manteñen un papel residual, cunha considerable presenza de agricultura a tempo parcial, en ocasións debido ás dificultades que se presentan para o desenvolvemento normal do sector primario profesionalizado, debido entre outros aspectos á competencia polo uso do solo, que frecuentemente é retido con fins especulativos, e polas maiores oportunidades laborais que en termos relativos aparecen en comparación con outras áreas rurais. De feito, non é raro atopar superficies agrarias infrautilizadas ou mesmo abandonadas, así como superficies forestais non xestionadas, enclavadas nunha densa rede de asentamentos, sen solucións de discontinuidade. Esta realidade incrementa determinados riscos ambientais, nomeadamente os incendios forestais.

Por outra banda, e tal e como xa se mencionou, naquelas zonas nas que a produtividade do solo é elevada, poden aparecer actividades agrícolas a tempo parcial de certo pulo, normalmente vencelladas ao sector hortofrutícola ou do viño. É nestes ámbitos onde resulta especialmente importante unha adecuada coordinación dos instrumentos de ordenación e planeamento convencionais coas actuacións de reforma das estruturas e xestión de terras, como a concentración parcelaria, para evitar posibles perversións dos obxectivos destes últimos, debido precisamente á complexidade asociada á presión dos usos do solo, especialmente o urbanizador.

Así, predomina unha base laboral diversificada, co que é habitual a conmutación diaria. Isto orixina fluxos intensos que evolucionan rapidamente, polo que é necesario redimensionar as infraestruturas presentes e axeitar as análises e os plans de mobilidade a esa realidade, baseada aínda nun modelo rural tradicional non acaído ás novas dinámicas e que se ve colapsado con facilidade. Conviven neles estruturas territoriais características do mundo rural tradicional con outras derivadas da difusión da vida urbana.

Estes espazos terán que funcionar como a interfase entre o ámbito urbano e os rurais de menor presión, facilitando a súa accesibilidade e superando a súa visión de sometemento ao “consumo” urbano. Aínda sen ser unha acti-

vidade prioritaria dende o punto de vista económico, as actividades agroforestais son parte fundamental no mantemento da calidade paisaxística e ambiental destes contornos, así como importantes para a vertente recreacional destes territorios. A cobertura de dotacións e servizos asóciase máis a unha adecuada organización e estruturación da mobilidade na procura de economías de escala territorial que a unha actuación intensiva en investimentos.

O seu potencial endógeno, baseado nunha demografía positiva no contexto rural galego e nunha hibridación das virtudes dos ámbitos urbanos próximos e do rural, favorecen o seu crecemento autónomo, mais é necesario dispoñer dos mecanismos axeitados para convertelo nun desenvolvemento equilibrado e potenciador de territorios veciños, ao tempo que se manteña a súa calidade ambiental, evitando a expansión desordenada e a desintegración funcional.

Localízanse estes fundamentalmente nos concellos urbanos litorais, así como na contorna das capitais interiores, e reflicten un modelo fortemente difuso de ocupación do territorio.

B. Os espazos rurais intermedios

Sitúanse en espazos relativamente distantes dos centros urbanos principais. Contan cun nivel infraestrutural aceptable e organízanse funcionalmente a partir das áreas de gravitación dos núcleos do Sistema urbano intermedio. Os niveis de despoboamento comezan a ser preocupantes nalgúns casos e manteñen unha base produtiva agropecuaria e forestal con diverso grao de desenvolvemento que pode convivir con iniciativas empresariais non agrícolas, que nalgúns casos acadan un pulo significativo, converténdose en motores de desenvolvemento endógeno.

Adoitan situarse no contorno de vilas medias, que proporcionan un nivel axeitado de dotacións e servizos, e que medraron da man e ao abeiro desa contorna agraria. Así, estas vilas vense fortemente influenciadas pola evolución destas zonas produtivas, existindo un vínculo entre ambas semellante ao que hai entre unha cidade e o seu sector industrial, coa diferenza na intensidade na ocupación do solo de ambas as actividades. O acceso a esas

dotacións e servizos adoita ser razoablemente axeitado, existindo porén eivas na introdución de tecnoloxías da información e da comunicación. As actividades económicas están máis diversificadas, tomando o rol principal polo xeral os sectores secundario ou terciario. A cobertura forestal adoita ser elevada, e nalgúns casos aparecen modelos de xestión de media escala.

En certa medida, a dependencia da especialización agropecuaria achega un risco de vulnerabilidade para estes espazos, debido á volatilidade do sector, sobre todo nun contorno globalizado e de liberalización dos mercados coma no que nos atopamos. Ademais, gran parte das políticas que condicionan decisivamente a actividade agraria proceden de ámbitos decisorios moi afastados destes territorios. Aínda así, atopamos nestes espazos diferenzas produtivas e tamén territoriais en función do subsector agrario.

O territorio mantén un valor de uso como factor de produción, nun equilibrio sostible entre o seu uso e a conservación dos recursos naturais.

Distribúense polos vales interiores e as áreas chairas interiores de maior potencial agrolóxico.

C. Os espazos rurais periféricos

Correspóndense coas áreas de montaña de complexa topografía ou de difícil accesibilidade así como de maior dureza climática. Son tamén os máis afastados das áreas máis densamente poboadas, e polo tanto tamén das principais dotacións, servizos e centros de lecer, caracterizándose por un forte illamento e unha deficiencia infraestrutural significativa.

Presentan unha moi acusada crise demográfica, cunha evolución da poboación nas últimas tres décadas claramente negativas, aínda cando en tempos recentes foran ámbitos fortemente poboados. Así, o risco de despoboamento é moi elevado e ten mesmo derivado no abandono de moitos núcleos cunhas tendencias obxectivas que apuntan, habitualmente de xeito irreversible para moitos outros asentamentos, na mesma dirección, así como nunha debilidade funcional dos centros de referencia destes contornos.

O proceso de despoboamento ten conducido tamén a un abandono xeneralizado da actividade agrogandeira que desembocou nunha feble xestión territorial, con abundantes superficies agrarias abandonadas que rapidamente se converten en amplas extensións con cobertura continua de mato, pasto do lume con relativa frecuencia. Por outra banda, é habitual unha forte presenza dos montes veciñais en man común, ocupando ás veces máis da metade dos territorios municipais e constituíndo en si mesmo un recurso endóxico de gran potencial que, ao longo dos últimos lustros non terminou aínda por aflorar.

É frecuente atopar nestes territorios un elevado valor patrimonial, con arquitectura local de gran singularidade, que mantén niveis aceptables de conservación. Algúns deles, que podemos considerar un subtipo dentro dos ámbitos periféricos, diferéncianse claramente grazas a unha gran riqueza ambiental, plasmada na presenza de espazos de elevado valor ecolóxico, e recoñecidos con algún tipo de protección ou catalogación coma o de Lugar de interese comunitario (LIC). Nestes casos, tales condicións apuntan cara a un modelo de desenvolvemento baseado na valorización sustentable deses activos, a través de actividades extensivas e unha accesibilidade adaptada, sendo necesario innovar na concepción de servizos e dotacións fronte á inviabilidade de aplicar modelos tipicamente urbanos a estes territorios.

Moitas destas áreas teñen un elevado potencial para a implantación de sistemas silvopastorís e agrogandeiros de gran extensificación, compatibles e mesmo vencellados aos valores ambientais presentes, algo que coa baixa presión existente sobre os usos do solo pasa por unha adecuada utilización dos instrumentos de xestión de terras, especialmente nos montes veciñais en man común. Ademais, tales actividades poden incrementar tamén o atractivo para un turismo rural baseado na natureza e na paisaxe, outra das actividades con percorrido e notable demanda.

Todo este conxunto de funcións demanda integrar axeitadamente os obxectivos de conservación e potenciación de novas actividades co fin de asegurar un atractivo mínimo para o mantemento da masa crítica necesaria para o sustento do esqueleto territorial, que doutro xeito corre o risco de se colapsar.

2.9.3. Estratexias para o fortalecemento do espazo rural

A. Estratexias xerais

As diferenzas funcionais e tipolóxicas destes espazos implican a necesidade de execución de políticas de ordenación tamén diferenciadas. Estas deben complementarse cunha caracterización físico-urbanística que salvagarde os valores das áreas de solo rústico atendendo á funcionalidade que deben achegar para o conxunto do modelo territorial. Diferenciaranse así solos dos que a súa vocación inmediata é acoller a medio prazo iniciativas de desenvolvemento de natureza urbana daqueles outros orientados fundamentalmente á produción agropecuaria e forestal, e tamén daqueles que pola súa singularidade ambiental ou ecolóxica son merecentes dun maior grado de protección respecto a determinadas actividades humanas. Neste senso, os seus niveis de restrición de uso deben permitir compatibilizar a valorización dos recursos territoriais coa súa conservación, mediante a introdución de medidas preventivas e correctoras que permitan trasladar a xeracións vindeiras ditos recursos.

A lexislación urbanística, así como os diferentes instrumentos territoriais ou sectoriais con incidencia no territorio, deberán fixar diferentes niveis de protección e restrición de uso do solo rústico polo interese dos recursos e valores que presenta, de xeito compatible co mantemento das actividades produtivas.

Do mesmo xeito a enorme variedade tipolóxica dos asentamentos rurais debe ser tida en conta á hora da definición do réxime dos solos de núcleo rural. As singularidades e caracterización morfolóxica de cada área territorial teñen ocasionado modelos tradicionais de asentamentos diferentes se falamos de áreas de val, de montaña, de chairas... dando como resultado diferentes modelos de núcleos rurais: lineais, de disposición laxa e aberta, compactos... Así mesmo o sistema tradicional ten evolucionado á par dos cambios socioeconómicos acontecidos nas últimas décadas (incremento da mobilidade, melloras de acondicionamento e acceso, novos modelos residenciais, evolución das necesidades da actividade agrogandeira, maiores esixencias ambientais dos seus residentes...), dando como resultado unha


diversidade de formas e estruturas que debe ser canalizada mediante o planeamento urbanístico, coa finalidade de dotarse dunha malla de núcleos que fixen as actividades residenciais e freen a dispersión construtiva.

O espazo rural esixe unha política ordenadora transversal na que se integren dun xeito coordinado e complementario os instrumentos territoriais definidos pola Lei 10/1995 de Ordenación territorial de Galicia, cos planeamentos municipais e con outros marcos reguladores de singular incidencia como a Lei 7/2008 da Paisaxe de Galicia, a Lei 9/2001 de Conservación da natureza ou as estatais Lei 42/2007 do Patrimonio natural e da diversidade e a Lei 45/2007 de Desenvolvemento sostible do medio rural.

O medio rural é o compoñente principal da meirande parte das paisaxes galegas susceptibles de ser ordenadas mediante os correspondentes instrumentos de Catálogos e Directrices da paisaxe. Débese ter en conta que a paisaxe é o resultado da interacción da sociedade e das súas actividades co territorio no que se asenta, e que evoluciona conforme aos novos modelos sociais e produtivos, e que a conservación da paisaxe rural esixe que siga sendo funcional e polo tanto poida manter a súa actividade específica. Os espazos naturais merecentes de ser receptores dun Plan de ordenación de recursos naturais son, na súa enorme maioría, de natureza rural, polo que deberá tenderse a unha compatibilización das liñas de protección dos recursos naturais co mantemento da actividade agropecuaria ou forestal.

Así mesmo a norma ministerial introduce dous instrumentos de ordenación rural, as Directrices estratéxicas territoriais de ordenación rural e os Plans de zona, que se materializan de facto en instrumentos de ordenación territorial que deben coordinarse de xeito efectivo con outros instrumentos de planificación ambiental, sectorial ou territorial a fin de evitar duplicidades e a proliferación de iniciativas dispersas.

A acción ordenadora destes espazos debe ser favorecedora e contribuír a impulsar as potenciais iniciativas de desenvolvemento rural. Nun contexto de redución progresiva do emprego agrario, faise preciso contribuír á diversificación económica e laboral do medio rural, impulsando a creación de novos



Núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural

nichos de actividade coa valorización dos recursos latentes que existen no territorio e que son solicitados por unha sociedade que demanda consumir de xeito responsable os valores ambientais e culturais do medio rural. Estes factores son fundamentais para reducir os riscos de despoboamento e mellorar a calidade de vida dos residentes.

Cóntase cunha grande experiencia na elaboración e xestión de programas de desenvolvemento rural con base territorial (Plans de desenvolvemento comarcal, Leader, e os extintos Proder e Agader), baseados nunha metodoloxía integral e de valorización dos recursos endóxenos. A finalidade deste tipo de instrumentos, fundamentalmente con intervencións de natureza socioeconómica, é un magnífico complemento para impulsar unha máis axeitada ordenación territorial, debendo tenderse cara a unha converxencia coas delimitacións territoriais dos instrumentos contemplados na Lei 10/1995.

B. Estratexias atendendo á clasificación dos espazos rurais

En resposta á diversidade do medio rural, débese tender á execución de pautas de ordenación adecuadas a cada realidade específica.

Así, nos espazos integrados débense introducir medidas preventivas e correctoras da dispersión e favorecer unha regulación que xere unha transición ordenada, especialmente nos bordos urbanos, entre a cidade e o espazo rural. O incremento da mobilidade colectiva, as melloras no viario e a xeración de espazos públicos así como de equipamentos, xunto a pautas correctoras que permitan canalizar e organizar as dinámicas difusoras e de asentamento no espazo rural de usos de natureza claramente urbana, deben ser referencias fundamentais.

Nos espazos rurais intermedios o reforzamento da integración cos elementos referenciais do sistema urbano, xunto coa posta en marcha de accións de compatibilización das actividades primarias cos recursos ambientais do territorio deben ser liñas de actuación prioritarias. Tamén un ordenamento efectivo deste tipo de espazos debe facilitar o reforzamento funcional dos núcleos do sistema urbano intermedio, pois do dinamismo e o nivel dotacional destes e da súa capacidade de xerar emprego non agrario no contorno próximo vai depender unha parte sig-

nificativa do desenvolvemento territorial do seu contorno e da calidade de vida dos cidadáns, tendéndose tamén así a reducir os efectos do despoboamento.

Nos espazos rurais periféricos, a execución de medidas que reforcen o seu especial valor ambiental e paisaxístico, por albergar recursos naturais de gran relevancia, debe ser una das liñas de acción principais, especialmente tendo en conta o abandono progresivo da actividade agropecuaria e do mantemento do medio que isto supón. Tamén debe tenderse ao establecemento dun mínimo acondicionamento territorial que asegure uns estándares de calidade de vida xa irrenunciáveis no actual modelo social, moi especialmente os que teñen que ver coa accesibilidade-mobilidade e o uso das novas tecnoloxías. Nestes contornos débese favorecer a implantación de actividades económicas baseadas na valorización dos recursos territoriais existentes, sempre tendo en conta a singularidade da súa localización.

Como estratexia para aqueles espazos rurais periféricos máis representativos as DOT propoñen a estratexia denominada Núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural.

Núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural

Con independencia da xerarquía do sistema de asentamentos de influencia supramunicipal, a proposta de Núcleos interiores vinculados aos agrosistemas rurais tradicionais ou integrados dentro de áreas protexidas diríxese a identificar núcleos que poidan acoller, sen menosprezo dos valores ambientais e paisaxísticos, servizos turísticos e de lecer e usos residenciais e terciarios con potencialidade de desenvolvemento.

A concreción destes núcleos poderase realizar mediante o correspondente Plan territorial integrado, que atendendo aos valores que se mencionan nestas referencias, deberán establecer as condicións para o seu desenvolvemento, dende unha visión máis estratéxica ou territorial.

Esta estratexia debe permitir potenciar unha rede de núcleos rurais singulares (polas súas características morfolóxicas, patrimoniais culturais, paisaxísticas,

a súa relación con áreas de interese ambiental, etc.) que articulen o espazo rural periférico. Neste sentido, o obxectivo prioritario será paliar o abandono de núcleos de interese a través dunha serie de medidas que favorezan a súa promoción socioeconómica e a rehabilitación urbana do seu patrimonio. Trátase, na maioría dos casos, de mitigar a crise das súas actividades tradicionais mediante a súa complementariedade con actividades terciarias (medicina primaria, escolas e colexios, tendas de comestibles, artesanía ou actividades relacionadas coas novas tecnoloxías), de pequena empresa e turísticas, diversificando a base económica local e garantindo a súa viabilidade futura.

No caso de Galicia, tendo en conta a abundancia de núcleos en declive, o interese patrimonial, etnográfico ou ambiental dun gran número deles e a súa proximidade a espazos valiosos e a múltiples elementos de interese, considérase especialmente oportuno o desenvolvemento de accións para configurar núcleos como centros desde os que acceder e gozar dos elementos de interese existentes no territorio, que deben ser o punto de partida para novas opcións de desenvolvemento.

O éxito dunha estratexia deste tipo esixe, por unha banda, o desenvolvemento de órganos de xestión e accións de formación para os habitantes das zonas rurais. O desenvolvemento de operacións piloto permitirá obter a experiencia e a operatividade necesarias para avances posteriores (ARI, plans específicos de impulso...). A adaptación destes núcleos basearase na realización de accións de mellora da súa imaxe urbana, renovación e valorización do patrimonio edificado e mellora de infraestruturas e equipamentos.

Os Núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural propostos identifícanse atendendo a criterios como a existencia dun patrimonio cultural que dota de identidade e atractivo os núcleos, a súa relación coas Áreas estratéxicas de conservación, a existencia dunha certa dimensión urbana e a súa localización en áreas cun forte declive demográfico. No mapa adxunto sinálanse 45 núcleos con potencialidade para desenvolver estas funcións territoriais.

O papel territorial destes núcleos permítelles desenvolver unha dobre función.

Por unha banda, poden actuar como centros de xestión de actividades e servizos asociados aos espazos de interese ambiental de Galicia ou como consecuencia deles, permitindo localizar neles instalacións necesarias para o gozo dos ámbitos de valor paisaxístico e ecolóxico sen afectar a zonas ambientalmente fráxiles, proporcionando un elemento adecuado para controlar o acceso ás áreas de interese natural de forma compatible coa súa capacidade de acollida.

Doutra banda, a localización nestas poboacións de actividades e servizos produtivos relacionados cos valores existentes, proporcionará recursos económicos que incentivarán a conservación e xerarán rendas imprescindibles para a dinamización de zonas do territorio con graves problemas demográficos e escasas opcións de desenvolvemento.

En ambos os casos, estes núcleos son a oportunidade de demostrar as posibilidades dun desenvolvemento compatible coas políticas de conservación de espazos naturais e do patrimonio cultural, que se basee na aposta por unha nova oferta de ocio rural cunha funcionalidade educativa e formativa dos valores presentes para a poboación.

A este respecto, o interese por novas formas de lecer asociadas ao medio, aos espazos rurais, ao agroturismo, etc., vai en aumento. A pesar do éxito de parte das iniciativas de turismo rural levadas a cabo, sobre todo en espazos rurais intermedios e integrados, no caso dos periféricos, a escaseza de infraestruturas de acollida e de servizos ofertados ou deficientes infraestruturas de acceso impiden que estes aproveiten as súas oportunidades.

As fórmulas de acollida da actividade turística rural poden ser moi variadas. Van desde a rehabilitación integral de núcleos case despoboados á renovación parcial do patrimonio edificado para a súa reutilización, pasando pola estratexia de promoción de casas rurais e o desenvolvemento de dotacións e aloxamentos singulares asociados a elementos valiosos do patrimonio cultural. En calquera caso, é importante sinalar que esta modalidade turística debe buscar a diversificación das súas opcións, potenciando iniciativas e empresas que ofrezan alternativas á mera función de aloxamento ofrecida de forma illada que non ten capacidade revitalizadora do medio rural.



Instalación da antiga fábrica de Sargadelos. Concello de Cervos.



Costa da Mariña Lucense. Faro de Illa Pancha